



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AMES

Aprobación inicial da modificación do anexo do cadro de persoal do Orzamento da Entidade Pública empresarial Augas de Ames, (EPEL), 2024 integrado no orzamento xeral do Concello de Ames para o exercicio 2024. Expediente GD 2016/2024

ANUNCIO

Aprobado inicialmente no Pleno ordinario do 6 de novembro de 2024 o expediente de modificación do anexo do cadro de persoal do orzamento da entidade pública empresarial Augas de Ames, EPEL, 2024, exponse ao público por un período de quince días hábiles, durante os cales as persoas interesadas, de acordo co artigo 170 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderán examinalo e presentar reclamacións que estime pertinentes ante o Pleno, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Previamente a aprobación plenaria tivo lugar a aprobación no Consello de Administración da EPEL (sesión do 7 de outubro de 2024).

A modificación tiña por obxecto tres correccións: eliminar a referencia ao grupo profesional 5 do posto de xerente dado que non é persoal laboral senón persoal directivo asimilado a alto cargo: modificar a porcentaxe de xornada dun posto de auxiliar administrativo grupo profesional nivel B que pasa do 62.5% ao 100%; modificar o grupo profesional do posto de xefe/a do servizo que pasa do GP4 ao GP6.

Ames, 26 de novembro de 2024

O alcalde

J. Blas García Piñeiro

2024/8488